

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 30 DE AGOSTO DE 2012.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CORENTA MINUTOS** do día **TRINTA DE AGOSTO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Alcaldesa **DONA PAULA FERNÁNDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos concelleiros **D. KLAUS BREY MONTAÑA**, **D. ANTONIO COUSO ÁLVAREZ**, e **D. MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e do Secretario en funcións da Corporación **DON JULIO MÉNDEZ CASTRO**.

A Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **INFORME DA POLICÍA LOCAL SOBRE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN Á LEGALIDADE.**
- 2º.- **ESCRITO DE D. AVELINO RAMOS GÓMEZ MANIFESTANDO A VONTADE DE DONACIÓN DE 200.000 € PARA A CONTRUCCIÓN DE UNHA RESIDENCIA DE ANCIANOS EN SILLEDA.**
- 3º.- **ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O ESTABLECIMENTO DUN SERVIZO DE ACOLLIDA DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS.**
- 4º.- **SOLICITUDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA.**
- 1º.- **INFORMES DA POLICÍA LOCAL SOBRE EXPEDIENTES DE REPOSICIÓN Á LEGALIDADE.**

Por parte da Alcaldesa dase conta do informe emitido pola Policía Local de comprobación de reposición á legalidade de unha obra de peche parcial de finca, realizada no lugar de Corrospedriños, parroquia de Refoxos, na parcela nº 87 do polígono 68. Trala comprobación realizada polos Axentes correspondentes, verificase que as obras de reposición foron realizadas e atópanse rematadas, polo que se da por finalizado o expediente.

- 2º.- **ESCRITO DE D. AVELINO RAMOS GÓMEZ MANIFESTANDO A VONTADE DE DOAZÓN DE 200.000 € PARA A CONTRUCCIÓN DE UNHA RESIDENCIA DE ANCIANOS EN SILLEDA.**

Dase conta pola Alcaldesa, do escrito presentado no Rexistro do Concello por D. Avelino Ramos Gómez, no que manifesta a súa vontade de realizar unha doazón de 200.000 € para a construción de unha residencia de ancianos en Silleda. Dentro de dita cantidade, estaría incluído o coste do proxecto básico e de execución e a dirección de obra. O resto da cantidade iríase entregando por fases de obra, según separatas do proxecto e popr cantidades anticipadas ata a total entrega.

A Xunta de Goberno amosa a súa satisfacción por este feito e agradece a D. Avelino Ramos Gómez a súa iniciativa.

3º.- **ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O ESTABLECIMENTO DUN SERVIZO DE ACOLLIDA DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS.**

A Alcadesa informa da proposta realizada pola Deputación Provincial de Pontevedra de adherirse ao Convenio Marco da Deputación de Pontevedra e os Concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes para o establecemento dun servizo de acollida de animais domésticos.

Unha vez analizadas as cláusulas do convenio, a Xunta de Goberno queda enterada e manifesta a súa conformidade coa sinatura do mesmo, si ben, ao ser o Pleno o órgano competente para a delegación na Deputación para que ésta proceda ao exercicio das competencias municipais de xeito conxunto, deberase esperar á próxima celebración de unha sesión plenaria para o refrendo do acordo de adhesión.

4º.- **SOLICITUDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA.**

Preséntanse por parte a empresa Espina y Delfín, S. L., concesionaria do Servizo Municipal de Augas, unha relación de solicitudes de abastecemento e saneamento e importe recaudado polas mesmas durante o mes de xuño de 2012 para a súa aprobación.

A Xunta de Goberno Local, á vista da documentación obrante en cada expediente, acorda prestar aprobación ás solicitudes que se relacionan:

- CARAMÉS PÉREZ, MARÍA	35131619-Q	Rúa Venezuela, 3 bx - Silleda
- REY FERREIRO, JOSÉ RAMÓN	76865123-C	Rúa trasdeza, 33 bx - Silleda
- CARAMÉS PÉREZ, MARÍA	35131619-Q	Rúa Venezuela, 3 bx - Silleda
- GONZÁLEZ GALLEGO, CÁNDIDO	35235290-A	Rúa da Estación, 42 bx - Silleda
- LÓPEZ CASTRO, MARICARMEN	76808212-B	Casardoño, 2 bx - Saidres
- LAMELA CASTRO, FRANCISCO JAVIER	76929715-M	Barrio do Campo, 11 por 1-2E - Sille
- LAGO FERNÁNDEZ, PATRICIA	44089981-D	Rúa da Empanada, 3 - 3B - Bandeira
- SEIJO GARCÍA, MARÍA ISABEL	44833628-G	Rúa Emilio Alonso Paz, 8 - 4E - Sill
- FONDEVILA LÓPEZ, CARLOS	76814239-N	Camporrapado, 25 bx - Cortegada

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as trece horas cincuenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario accidental, dou fe.

A Alcadesa,



O Secretario en funcións,

